

EPISODIOS
EPISODIOS
EPISODIOS
DE
DE
DE
DE
CREACIÓN
CREACIÓN
CREACIÓN
CONTEMPORÁNEA
CONTEMPORÁNEA
CONTEMPORÁNEA

EPISODIO#04
EPISODIO#04
EPISODIO#04

CARLA FILIPE

NÃO É PRIVADO
MAS TAMBÉM
NÃO É PÚBLICO

LIBRARÍA
NUMAX

Co apoio da



Deputación
DA CORUÑA

Não é privado mas também não é público parte da relación que Carla Filipe establece entre o seu traballo e o rexistro que se fai del. A conversa proposta para NUMAX toma ese vínculo como máxima e reforza o seu carácter pechado: aberto pero cun marcado carácter intimista e nunca desbordado en relación ao público que asiste. Os temas que se poñen sobre a mesa son neste caso os que teñen marcado a maneira en que Carla Filipe desenvolveu o seu traballo ao longo destes case vinte anos. O pasado ferroviario da súa nai, o histórico vínculo sindical dese gremio, a herdanza fascista do seu país, o trauma da militancia comunista, a tímida loita obreira ou o papel das mulleres na casa e no traballo. Carla Filipe fala das salas de costura como espazos de reunión, onde as mulleres acadaron no cotiá lugares e situacións propias ó redor dun traballo colectivo cuxo obxectivo era a manufactura das roupas utilizadas polas persoas da casa, nun intre previo á irrupción, primeiro da ditadura das marcas e posteriormente do modelo fabril de moda de consumo rápido, que acabou cun xeito de entender e desenvolver esa práctica. Por iso, encher a vitrina de NUMAX coas roupas que a súa nai coseu, que ela e as súas irmás vestiron ou que remataron sendo farrapos cos que limpar a casa, afonda na memoria dun tempo pasado no que cada detalle mínimo que afectaba á vida diaria era controlado dende as mans que desenvolvían unha morea de traballos distintos e no

que os vínculos afectivos coas persoas e cos obxectos se diluían.

Cando Carla Filipe comezou a interesarse polos espazos de apoderamento feminino, atopou, ademais do feito de provir dunha familia na que o traballo para a compañía dos Comboios de Portugal -anteriormente Caminhos de Ferro Portugueses- representara unha incorporación materna ao mercado laboral, un vínculo coa historia última do seu país. Así, a imaxinería que as diferentes denominacións que a empresa estatal ferroviaria foi adoptando comezou a ocupar o traballo de Filipe, e con ela todo o que a envolvía: a indumentaria dos e das traballadoras, o mobiliario das estacións, a imaxe dos diferentes sindicatos e todo o que mantiña algún nexos con esa actividade. Como espazo de ninguén, a artista reparou tamén en cuestións como as hortas que se ían instalando nas marxes das vías, e que eran traballadas polas operarias que, a falta de terras propias, utilizaban para sacar algún rendemento extra ao lugar situado a medio camiño entre as vivendas do ferrocarril e as vías nas que facían xornadas interminables. Como curiosidade, as hortas do tren servíronlle posteriormente á compañía para negar o pago de horas extra alegando que moitas delas eran gastadas no traballo destes espazos informes.

O traballo de Carla Filipe bota man do máis inmediato, dos pequenos

detalles que condicionaron a vida da súa familia –e por extensión a vida e a cultura popular de Portugal-. Filipe fala do traballo, do ocio ou das consecuencias de reivindicarse, trala Revolución dos Caraveis, como pobo moderno que comezou a manexar influencias estéticas chegadas de países como Inglaterra ou os Estados Unidos, e que batían ou se fundían coas propias. Carla Filipe sitúase nese espazo intermedio de artista provinte dunha realidade que pouco a pouco, coa incorporación á universidade e coa chegada de moitas desas influencias externas e inqedanzas, foi redescubriendo o seu pasado mediante o filtro do presente.

Bibliografía da artista:

A Bela e o Mostro, Ana Hartherly, 2016 (fac-simile da 1ª edición)

In-NoVar de E.M. de Melo e Castro, edición Plátano, 1977

Escritos de Artista, anos 60, 70
Seleção por Glória Ferreira e Cecília Cotrim, Zahar, 2006

O prazer do Texto, Roland Barthes

Amor Liquido, Zygmunt Bauman